



LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 24 de setembro de 2013, aprobou unha convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as Titulacións de Grao e Máster, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 25 de setembro de dous mil trece, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor

Juan J. Casares Long

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Juan J. Casares Long', written over a horizontal line.



A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Lourdes Noya Ferreiro', written over a horizontal line.

PROPOSTA

CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA PARA AS TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

Durante o mes de xullo tiveron entrada no rexistro desta Universidade, diversos escritos do alumnado solicitando que se implantara unha convocatoria de fin de carreira para titulacións de grao. Esta convocatoria permitiría ao alumnado con algunha materia pendente rematar os seus estudos no primeiro cuadrimestre, evitando perder todo un ano principalmente cando se trate de materias que deban ser cualificadas no segundo cuadrimestre.

Esta mesma proposta trasladouse tamén por parte dalgúns Centros, solicitando que se estudara a posibilidade de implementar esta convocatoria de fin de carreira.

Entendendo que a implantación dunha convocatoria adiantada do segundo cuadrimestre ao primeiro permitiría aos alumnos rematar os seus estudos sen perder un curso académico, e consultados os Decanos da USC, o Consello de Goberno de 24 de setembro de 2013,

ACORDA

PRIMEIRO.- A partir do curso 2013-14 implantarase na Universidade de Santiago de Compostela unha convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as titulacións de Grao e Máster, conforme ás condicións establecidas neste acordo.

SEGUNDO.- Poderán solicitar a realización desta convocatoria, o alumnado que teña pendente para rematar os seus estudos, unha materia ordinaria do segundo cuadrimestre ou unha materia anual, ademais do TFG/TFM.

TERCEIRO.- A materia pendente debe ser necesaria para rematar os seus estudos e estar previamente cualificada como suspensa. Non se considerarán como materias ordinarias as prácticas ou practicum das titulacións, e os Traballos de Fin de Grao/Master ou materias asimilables.

CUARTO.- A materia será cualificada polo profesorado do curso precedente conforme a guía docente establecida, en particular as esixencias establecidas para o alumnado repetidor.

QUINTO.- Os exames desta convocatoria de fin de carreira realizaranse nas datas de exames do primeiro cuadrimestre de forma adiantada, ou nas datas que se establezan no calendario académico anual. As cualificacións plasmaranse nunha acta específica de fin de carreira.

O alumnado que concorra a esta convocatoria non poderá presentarse á convocatoria ordinaria da materia do mesmo curso académico, e só poderá presentarse á segunda oportunidade de recuperación. A materia será sempre imputada ao curso no que se superou.

SEXTO.- Para esta convocatoria serán aplicable a Normativa de Permanencia, en particular o número máximo de oportunidades establecido nela.

SÉTIMO.- O alumnado que supere a materia pendente poderá concorrer á primeira oportunidade que se convoque para a superación do TFG ou TFM, ou a calquera das sucesivas oportunidades.

OITAVO.- Autorízase á Secretaría Xeral para desenvolver o procedemento de solicitude desta convocatoria extraordinaria e o réxime de actas. Para o curso 2013-14 o procedemento de solicitude aprobarase por Resolución Reitoral e en anos sucesivos incorporarse na Convocatoria de matrícula.

DISPOSICIÓN FINAL.- O presente Acordo entrará en vigor na data de publicación na Sede Electrónica da USC (Taboleiro Electrónico).